

A REDE EUSUMO APOSTA POR MELLORAR A COMUNICACIÓN E A VISIBILIDADE DAS COOPERATIVAS A TRAVÉS DO OBRADOIRO “CREANDO UNHA WEB AUTOXESTIONABLE PARA A VOSA COOPERATIVA”

- A Rede Eusumo aposta por mellorar a comunicación e visibilidade das cooperativas coa organización do obradoiro "Creando unha web autoxestionable para a vosa cooperativa".
- A través deste obradoiro os participantes aprenderán a crear, deseñar e autoxestionar o seu propio Blog ou Website a través do manexo do software libre *Wordpress*.
- Este obradoiro está estruturado en dúas sesións que se celebrarán os días 29 e 30 de outubro en Vigo nas aulas CeMIT da Xunta de Galicia, onde se porá a disposición dos asistentes equipos informáticos para interiorizar mellor os conceptos..

Santiago de Compostela 21/10/2014. O obradoiro “*Creando unha web autoxestionable para a vosa cooperativa*” enmárcanse no programa de actuación 2014 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración para o fomento do cooperativismo e a economía social impulsada pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar.

A través deste Obradoiro preténdese mellorar a comunicación e a visibilidade das cooperativas, onde os participantes poderán crear e deseñar o seu propio Blog ou Website a través do software libre Wordpress.

Entre os obxectivos que se perseguen con este obradoiro destacan:

- Mellorar a comunicación e visibilidade das cooperativas.
- Ordenar a identidade gráfica da cooperativa.
- Homexeneidade na representación visual da cooperativa.
- Actualizar a imaxe.
- Crear ou mellorar o posicionamento da cooperativa.
- Abrir novos canles de comunicación a través de internet.

Este obradoiro, dirixido principalmente as cooperativas, está estruturado en dúas sesións que se celebrarán os días 29 e 30 de outubro na cidade de Vigo nas aulas CeMIT da Xunta de Galicia. Ambas sesións celebraranse en horario de tarde das 16:00 h. as 19:00 h., e serán impartidas de forma práctica e amena, fomentando a interacción dos participantes.

Inscrición:

O obradoiro ten carácter gratuíto.

Prazo de inscrición: ata o 28 de outubro de 2014. Prazas Limitadas.

Entregarase diploma de asistencia.

Pódeste inscribir facilitando o nome da cooperativa, o teu *nome*, *DNI*, *teléfono* e *correo electrónico* ao teléfono 981 55 80 08 ou en info@eusumo.coop

Para máis información:

Tlf: 981 55 80 08

info@eusumo.coop

www.eusumo.coop